



SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente: 2022000047334

ASUNTO: Solicitud informe insuficiencia de medios personais

Conforme indica a xefa de sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, o convenio formalizado entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, inclúe, dentro das súas actuacións, a número 8 referente á creación dun “programa para a eficiencia enerxética en Pemes”.

Para a realización de dita actuación é necesaria a prestación de servizos de auditoría enerxética que, conforme ao previsto no Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se transpón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, deberán ser prestados por unha persoa que:

- Estará en posesión dunha titulación universitaria oficial ou outras licenciaturas, Graos ou Máster universitarios nos que se impartan coñecementos básicos de enerxía, instalacións dos edificios, procesos industriais, contabilidade enerxética, equipos de medida e toma de datos e técnicas de aforro enerxético, ou ben;
- Terá os coñecementos teóricos e prácticos sobre as auditorías enerxéticas, entendendo que posúen estes coñecementos as persoas que acrediten algunha das seguintes situacións:
 - 1.ª: Dispoñer dun título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais cuxo ámbito competencial inclúa materias relativas ás auditorías enerxéticas.
 - 2.ª: Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, en materia de auditorías enerxéticas.

En calquera das anteriores situacións anteriormente descritas a persoa auditoria terá recibido, e superado, un curso teórico e práctico de coñecementos específicos de auditorías enerxéticas impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma.



SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Sobre esta cuestión debe considerarse que na Sección de Coordinación de Proyectos Técnicos deste servizo intégrase a Oficina de Transición Enerxética, actualmente composta por unha técnica en Planificación Enerxética, unha técnica Administrativa de Administración Xeral, e un técnico en Enerxías Renovables que se atopa en excedencia por servizos especiais.

Sendo así, infórmase que ningua das persoas mencionadas, en servizo activo, cumpre cos requisitos necesarios para realizar a actuación prevista no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Os Fogóns do Anllóns, de creación dun programa para a eficiencia enerxética en Pemes.

O que se informa para os efectos oportunos, na data da súa sinatura dixital.

O xefe do servizo,
Manuel Vázquez Sesmonde

**SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO**